

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE MARZO DE 2024

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde en funcións, don Juan González Leirós, ata a toma de posesión da alcaldesa, presidindo esta a sesión a partires de entón, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO
D. MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa nesta acta)

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 22 de marzo de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202403221000030000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE DONA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Acceso á videoacta – 00:00:39 horas

Con permiso da Presidencia, intervén a Sra. secretaria quen dá conta da credencial expedida pola Xunta Electoral Central, con data 19 de marzo de 2024, a prol da candidata electa Sra. Díaz Baldomir, e informa que a candidata electa presentou na Secretaría da Corporación a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, e a declaración de actividades.

Cando son as once horas e dous minutos efectúase o chamamento á concelleira electa, dona Yolanda Díaz Baldomir, quen sube ao estrado e presta promesa manifestando que promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Cambre con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rematada a lectura, toma posesión como concelleira do Concello de Cambre e incorpórase á sesión.

2.- ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

A continuación, con permiso da Presidencia, intervén a Sra. secretaria e dá lectura aos artigos 198 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral; e explica que, de conformidade coa doutrina da Xunta Electoral Central, no caso de que un cabeza de lista manifeste que non desexa ser candidato, preguntárase ao seguinte e así sucesivamente co resto dos integrantes da lista.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente e manifesta que os/a concelleiros/a que encabezan as correspondentes listas, logo da renuncia de Óscar Alfonso García Patiño, son os/as seguintes:

- D.^a María Dolores Pan Lesta, de Unión por Cambre
- D.^a Diana Piñeiro Fernández, do Partido Popular
- D. Diego Alcantarilla Rei, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE
- D. Daniel Carballada Rodríguez, do Bloque Nacionalista Galego
- D. Raúl Varela Fraguío, de Alternativa dos Veciños

e pregunta que concelleiros/a dos que encabezan as listas presentan a súa candidatura, contestando afirmativamente: D.^a María Dolores Pan Lesta (UxC) e D.^a Diana Piñeiro Fernández (PP), e manifestan que non presentan candidatura D. Diego Alcantarilla Rei (PSdeG-PSOE), D. Daniel Carballada Rodríguez (BNG) e D. Raúl Varela Fraguío (AV).

Ante a renuncia dos números 1 das listas do PSdeG-PSOE, BNG e AV pregúntase aos restantes integrantes das ditas listas se presentan candidatura, ao que responden en sentido negativo.

De seguido intervén o Sr. presidente e manifesta que oídas as respostas son proclamadas candidatas ao cargo de alcaldesa do Concello de Cambre as seguintes:

- D.^a María Dolores Pan Lesta, de UxC
- D.^a Diana Piñeiro Fernández, do PP

A continuación, polo Sr. presidente propónse que o sistema de votación sexa a votación nominal e somete a votación ordinaria a proposta, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente, a Sra. secretaria procede ao chamamento dos/as concelleiros/as por orde alfabético de apelidos, nomeando en último lugar ao Sr. presidente, co seguinte resultado:

Relación de concelleiros/as	Sentido do seu voto
Diego Alcantarilla Rei	Abstención
Ramón Boga Moscoso	María Dolores Pan Lesta
Daniel Carballada Rodríguez	Abstención
Manuel Castro Uzal	Abstención
Brais Cubeiro Fernández	Abstención
María Yolanda Díaz Baldomir	María Dolores Pan Lesta
Patricia Esther Espiñeira Galán	Diana Piñeiro Fernández
Omar Gonzalo Lamela Vázquez	Diana Piñeiro Fernández
María Elena Lauda Fernández	María Dolores Pan Lesta
David López Saborido	María Dolores Pan Lesta
Daniel Mallo Castro	María Dolores Pan Lesta
María Dolores Pan Lesta	María Dolores Pan Lesta
María Carmen Pan Matos	María Dolores Pan Lesta
Patricia María Parcero Quiñoy	Abstención
Diana Piñeiro Fernández	Diana Piñeiro Fernández
María Mercedes Prieto Lamas	Abstención
María Teresa Prieto Miramontes	Abstención
Ana Rodríguez López	Abstención
Raúl Varela Fraguío	Abstención
Rubén Vázquez Pérez	Diana Piñeiro Fernández
Juan González Leirós	María Dolores Pan Lesta

A Sra. secretaria informa que, á vista do resultado da votación (8 votos a prol de D.^a María Dolores Pan Lesta; 4 votos a prol de D.^a Diana Piñeiro Fernández; e 9 abstencións), ningunha das candidatas obtén a maioría absoluta, polo que corresponde proclamar electa á candidata da lista máis votada, que segundo a acta de proclamación de electos de data 4 de xuño de 2023 remitida pola Xunta Electoral de Zona é a lista de Unión por



Cambre.

Seguidamente, á vista do resultado da votación, o Sr. presidente proclama alcaldesa do Concello de Cambre á candidata da lista electoral de Unión por Cambre, D.^a María Dolores Pan Lesta, e pregúntalle se acepta o cargo de alcaldesa do Concello de Cambre, ao que a Sra. Pan Lesta responde que si. O Sr. presidente invítalle a que preste xuramento ou promesa de acatamento á Constitución.

D.^a María Dolores Pan Lesta presta promesa de acordo coa fórmula establecida polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril, manifestando que promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcaldesa do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O Sr. presidente declara que cumprimentada a promesa de acatamento á Constitución, queda posesionada do cargo de alcaldesa do Concello de Cambre D.^a María Dolores Pan Lesta, entregándolle o bastón de mando, como símbolo das atribucións propias do cargo, ocupando de seguido a cadeira presidencial a Sra. Pan Lesta e abandonando o Sr. González Leirós a presidencia, e ocupando o seu escano.

A continuación interveñen o Sr. Mallo Castro, a Sra. Piñeiro Fernández, o Sr. Alcantarilla Rei, a Sra. Prieto Miramontes e o Sr. Varela Fraguío.

Acto seguido a nova alcaldesa dirixe unhas palabras a todos os presentes.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e nove minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

V^o e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo